



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2025 do Concello de Abegondo

ASUNTO: Convocatoria pública e bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2025

EXPEDIENTE: 2025/A002/000003 e 2025/G003/000830

Por Resolución de Alcaldía núm. 830/2025 de data 6.11.2025 acordouse realizar a convocatoria pública e bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2025 do Concello de Abegondo

ANEXO 1: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ANUALIDADE 2025

1. Normativa de aplicación

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas disposicións recollidas nesta, polas bases reguladoras das subvencións municipais comprendidas na base 36 de execución do Orzamento Xeral 2025, que foi aprobado inicialmente na sesión celebrada polo Pleno deste concello o día 13 de marzo de 2025, publicado inicialmente para exposición pública no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 51 do 17 de marzo de 2025 e que entrou en vigor o día 9 de abril de 2025 logo da publicación do anuncio de aprobación definitiva no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 68 do 9 de abril de 2025.

Así mesmo, réxese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención

É obxecto das presentes bases regular a concesión mediante concorrencia competitiva, de axudas ás asociacións rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Abegondo e ás comisións de festas ou entidades organizadoras de festas nas parroquias do municipio, nas seguintes modalidades:

- Para actividades realizadas e/ou adquisición de equipamentos realizados polas asociacións no exercicio 2025 e que segundo os seus estatutos lles son propios.
- Celebración de festas patronais. Enténdense como tales as celebracións do día do patrón da parroquia.

3. Créditos orzamentarios

As subvencións que se concedan con cargo á presente convocatoria seranlles imputadas aos créditos previstos nas seguintes partidas:

- Subvencións asociacións: aplicación orzamentaria 334.48002 cunha dotación total de 11.000 €
- Subvencións entidades deportivas: aplicación orzamentaria 341.48000 cunha dotación total de 2.500 €
- Subvencións para festas patronais: aplicación orzamentaria 338.48001 cunha dotación total de 6.000 €

4. Órgano competente

O órgano colexiado para os efectos do artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, será a Comisión Avaliadora.

O órgano competente para a concesión das subvencións é o alcalde-presidente ou órgano no que delegue.

5. Requisitos dos solicitantes para solicitar a subvención

Serán requisitos da entidade para participar na presente convocatoria os seguintes:

- Actividades e/ou equipamentos das entidades:

Carecer de ánimo de lucro.

Estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións.

Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo ou desenvolver actividades de interese para o Concello.

Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non ter solicitado ningunha outra subvención ao Concello de Abegondo para o mesmo fin.

b. Festas Patronais (comisións de festas e/ou entidades)

- Carecer de ánimo de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo.
- Ter presentada a comunicación da celebración das festas patronais no Concello de Abegondo.

Exclusións:

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos da actividades (web, redes sociais, cartaces, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspectos vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outra linguas.

6. Condicións

a. Cada asociación/ entidade poderá solicitar as dúas modalidades (actividade/equipamento e festas patronais)

O importe do conxunto de axudas ou subvencións concedidas polas distintas administracións públicas non poderá ser superior ao orzamento presentado da asociación.

b. O importe total da subvención solicitada non poderá superar o 80 % do gasto previsto.

c. Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

d. Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.

e. A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo previsto nas presentes bases supón a perda da subvención concedida.

7. Documentación

a. Actividade e/ou equipamento das entidades:

Deberá presentarse a solicitude e xustificación de gastos debidamente cuberta no modelo oficial establecido na convocatoria.

Memoria explicativa da actividade que se vai subvencionar tal como indica o modelo.

Indicación do emprego ou non da lingua galega na actividade da asociación.

Detalle do orzamento estimativo dos gastos.

- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social.

Segundo o previsto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá á presentación das certificacións de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social no caso de que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios).

Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

b. Festas patronais:

Se o solicitante está constituído como asociación deberá presentar a solicitude no modelo normalizado e que incluirá:

Descrición das festas patronais

Detalle do orzamento estimativo dos gastos.

Declaración de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social.

Segundo o previsto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá á presentación das certificacións de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social no caso de que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

Se o solicitante non está constituído como asociación deberá presentar a solicitude no modelo normalizado e que incluírá:

Descrición das festas patronais

Detalle do orzamento estimativo dos gastos.

Declaración de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social.

Segundo o previsto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá á presentación das certificacións de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social no caso de que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Escrito suscrito polos integrantes da comisión nomeando representante para os efectos de trámites administrativos e de recepción do importe da subvención

Certificado da conta bancaria a nome do representante da comisión designado para o cobro da subvención.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá a obriga de achegar:

Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.

Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

8. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

a. As solicitudes formuladas polas persoas xurídicas deberán ser presentadas a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>, no Rexistro Electrónico Común <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>, ou nos lugares de presentación que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes e xustificación estará aberto ata o 15 de decembro de 2025 dende o día seguinte á publicación no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do extracto da convocatoria de subvencións da Base Nacional de Subvencións.

b. Se a solicitude non comprendese algúns dos puntos previstos nos apartados anteriores, requiríraselle por escrito ao solicitante para que emende os defectos observados no prazo máximo de 10 días, quedando apercibido de que de non facelo así teráselle por desistido na súa petición e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9. Resolución

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrència competitiva, por Resolución da Alcaldía logo da proposta da Comisión Avaliadora, que será nomeada por decreto de alcaldía, no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

Valoración das solicitudes

Actividades e equipamento das asociacións de tipo veciñal, cultural, recreativo, educativo,...

Atenderase aos seguintes criterios:

Interese municipal das actuacións: ata 13 puntos

Realización de actividades educativas, de formación e/ou dinamización veciñal: ata 5 puntos

Emprego da lingua galega: 2 puntos

Festas patronais

As solicitudes de festas que reúnan os requisitos percibirán unha subvención de importe ata 400 €.

c. Notificación/Publicación: unha vez resolta a convocatoria será notificada a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá as notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015.

d. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán presentarse os recursos que procedan.

10. Xustificación e pago

a. O prazo para a presentación da documentación xustificativa estará aberto ata o día 15 de decembro de 2025, realizándose a xustificación conxuntamente coa solicitude de axuda.

b. Os gastos xustificativos da subvención deben axustarse ás actividades solicitadas.

c. O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrència con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade subvencionada.

d. A cantidade concedida non poderá ser superior ao 80% da cantidade xustificada.

e. Se o importe da cantidade xustificada é inferior á cantidade que corresponda aplicando esta porcentaxe, a axuda reducirase proporcionalmente.

f. Documentación que debe presentar segundo os modelos normalizados:

Certificación na que se acredite que os gastos xustificados se realizaron nas actividades subvencionadas.

Certificación na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.

Certificación coa relación detallada dos gastos, indicando o número de factura, a data da factura ou documento equivalente, nome e CIF do proveedor, concepto, data do pagamento e importe.

Facturas emitidas á entidade ou documentos equivalentes correspondentes cos gastos realizados e xustificados.

Festas patronais:

No caso de que o solicitante estea constituído como asociación seralle de aplicación o exposto para estas.

No caso de que o solicitante non estea inscrito como asociación:

- Declaración xurada do representante na que se acredite que o gasto reflectido nestas se dedicou á actividade obxecto da subvención.
- Declaración xurada na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.
- Declaración coa relación detallada dos gastos, indicando o número de factura, a data da factura ou documento equivalente, nome e CIF do proveedor, concepto, data do pagamento e importe.
- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas a nome do representante da comisión ou documentos equivalentes.

O pago realizarase no prazo dun mes desde a aprobación da xustificación.

11. Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

Disposición adicional

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

MODELOS DE SOLICITUDE



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

I023 SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO
E COMISIÓNS DE FESTAS
Anexo I

Datos da entidade solicitante

Nome e apelidos

CIF

R.U.G.TM

Parroquia

Núm.

Seg/Escuela

Passaporte

Código Postal

Municipio

Provincia

Teléfono

Cumeo electrónicoTM

⁽¹⁾ enderezo para notificación postal

⁽²⁾ correo electrónico para notificación electrónica

SOLICITO unha subvención ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro e Comisións de Festa do presente exercicio do Concello de Abegondo para:

Actividade-equipamento das asociacións

Memoria explicativa da actividade-equipamento desenvolta

DETALLE DOS DOS GASTOS ACTIVIDADE-EQUIPAMENTO

CONCEPTO	IMPORTE (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA
		Importe
Total gastos:		

Festas Patronais

Festa patronal de:

Datas de celebración:

Programa: (recoméndase xuntar coa solicitude cartei das festas)

DETALLE DOS GASTOS DE FESTAS PATRONAIS

CONCEPTO	IMPORTE (€)

Total gastos:	

Documentación que asegue no caso de Asociacións

- ☐ Declaración do/a presidente/a de non estar incurso/a en ningún dos supostos de prohibición previstos no art. 13 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e doutras axudas solicitadas e/ou concedidas (anexo II).
- ☐ Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva con expresión do nome, DNI e cargo (anexo III)
(non necesario se se presentou en convocatorias anteriores e non haxa variacións)
- ☐ Certificado da entidade bancaria do número de conta (no caso de novos solicitantes ou por cambio no número de conta).
- ☐ Facturas e xustificantes bancarios de pagamento se superan o importe de 1.000 €.
- ☐ Declaración de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social.
Segundo o previsto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a presentación das certificacións de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social no caso de que a conta a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

Documentación que asegue no caso de Comisións de Festas non constituídas como asociacións

- ☐ Declaración da persoa representante de non estar incurso/a en ningún dos supostos de prohibición previstos no art. 13 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e doutras axudas solicitadas e/ou concedidas (anexo II).
- ☐ Acordo de nomeamento do representante. Compromiso dos membros da comisión da realización da actividade (anexo IV)
- ☐ Certificado da entidade bancaria do número de conta (no caso de novos solicitantes ou por cambio no número de conta).
- ☐ Facturas e xustificantes bancarios de pagamento se superan o importe de 1.000 €.
- ☐ Declaración de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social.
Segundo o previsto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a presentación das certificacións de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social no caso de que a conta a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

NÚMERO DE CONTA

Titular:																	
E	S																

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na casilla correspondente e aportar unha copia dos documentos	OPÓÑOME A CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	
Certificado de residencia con data da última variación do padrón da persoa solicitante	
Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e fiscais coa AEAT	
Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e fiscais coa Axencia Tributaria de Galicia	
Certificado de estar ao corrente coas obrigas coa seguridade social	
Certificado de estar ao corrente coas obrigas co Concello de Abegondo	
Acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva	

CONSENTIMIENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa representante autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá aportar o documento correspondente.	NON AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade	
Certificado relativo ao domicilio fiscal	

Abegondo de de



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

(Sinatura da persoa solicitante, representante ou autorizada)

SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E COMISIÓNS DE FESTAS

Anexo II

D./Dña. con DNI

como presidente/a da entidade/ representante da Comisión de Festas.....

con CIF

DECLARO QUE:

Primeiro. A entidade que represento non está incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. O compromiso de dedicar a cantidade subvencionada á realización do obxecto para o que sexa concedida.

Terceiro. A entidade/ comisión de festas que represento non solicitou nin obtivo subvencións para a mesma finalidade ao longo do presente ano.

No caso de solicitar indicar os seguintes datos:

Organismo:	Organismo:
Importe solicitado (€):	Importe solicitado (€):
☐ Concedida	☐ Concedida
☐ Denegada	☐ Denegada
☐ En trámite	☐ En trámite

Abegondo, de de

(Sinatura do/a presidente/a)



SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E COMISIÓNS DE FESTAS

Anexo III

D./Dña. con DNI
como secretario da entidade
con CIF .

CERTIFICO:

Que na asemblea xeral de data nomeouse a Xunta Directiva, que quedou constituída do seguinte xeito:

Cargo	DNI
Presidente/a:	
Vicepresidente/a:	
Secretario/a:	
Tesoureiro/a:	
Vogal:	
Vogal:	
Vogal:	
Vogal:	
Vogal:	

Asino este certificado para facer constar todo o indicado



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E COMISIÓNS DE FESTAS

Anexo IV

D./Dna.	con DNI
D./Dna.	con DNI
D./Dna.	con DNI
D./Dna.	con DNI
D./Dna.	con DNI

Membros integrantes da comisión de festas de

ACORDAN:

Primeiro. Nomear a D./Dna. , representante da Comisión de Festas, para os efectos da xestión e cobro da subvención e, ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Abegondo para o presente exercicio.

Segundo. Realizar a actividade para a que se solicita a subvención.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

DECLARACIÓN DE OBRIGAS

D./Dña. con DNI

presidente/ da entidade, representante da Comisión de Festas

con CIF ,

DECLARO:

Estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social.

Segundo o previsto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá á presentación das certificacións de estar ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Abegondo e coa Tesourería da Seguridade Social no caso de que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 €

Abegondo, de de



CONCELLO
D E
ABEGONDO

SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E COMISIONS DE FESTAS
XUSTIFICACIÓN ASOCIACIÓN ANEXO V

D/ Dona. con DNI

como secretario da entidade

con CIF

CERTIFICO:

Primeiro: Que os gastos xustificadas na convocatoria de subvención foron destinados a realizar as actuacións subvencionadas.

Segundo: Que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.

Terceiro: Que os gastos xustificadas son os seguintes:

Nº Factura	Data factura	Nome Proveedor	CIF proveedor	Concepto	Data de pago	Importe
Total						

Abegondo, de de

(Sinatura do/a secretario/a)

Vº e Pr. (sinatura do/a presidente/a)



**SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E COMISIÓNS DE FESTAS
XUSTIFICACION COMISIONS DE FESTAS ANEXO VI**

D/ Dona: con DNI
como representante da Comisión de Festas

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Primeiro: Que os gastos xustificadas na convocatoria de subvención foron destinados a realizar as actuacións subvencionadas.

Segundo: Que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.

Terceiro: Que os gastos xustificadas son os seguintes:

Nº Factura	Data factura	Nome Proveedor	CIF proveedor	Concepto	Data de pago	Importe
Total						

Abegondo, de de
(Signature do representante)

O que asino aos efectos oportunos.

Abegondo, 11 de novembro de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/7489